



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 30/09/24

Data final de exposición: 22/11/24

O Porriño, a de de

Expediente número: 4748/2024

BASES QUE REXEN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONTRATO FORMATIVO PARA ADQUIRIR A PRÁCTICA PROFESIONAL ADECUADA AO NIVEL DE ESTUDOS CURSADOS PARA PERSOAS DESEMPREGADAS OU EN MELLORA DE EMPREGO

PRIMEIRA.- ANTECEDENTES, OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O Concello do Porriño presentou solicitude ante a Deputación de Pontevedra, para a contratación de TRES persoas co nivel de estudos de grao que poidan ser contratadas cun contrato formativo segundo a normativa laboral vixente, a través do proxecto “+ EMPREGA NOS CONCELLOS” que ten como principal obxectivo promover a inclusión social e o desenvolvemento económico e social da provincia a través da creación de emprego de calidade e do fomento da empregabilidade da cidadanía, cuxas bases reguladoras e convocatoria se publicaron no BOPPO nº 152 de 06/08/24.

A solicitude foi enviada en tempo e forma á Deputación de Pontevedra, circunstancia que se constata mediante o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, de data 27/09/24, publicado no BOPPO núm. 193 de data 03/10/24, de Outorgamento da condición de entidade colaboradora do proxecto “+ EMPREGA NOS CONCELLOS” para financiar contratos formativos, no que consta o Concello de O Porriño.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación, de:

- 1 Titulado/a medio de Cultura e Bibliotecas coa titulación de Grao en Xestión Cultural, Historia do Arte, Filoloxía, Biblioteconomía e Documentación, Antropoloxía, Comunicación Audiovisual, Ciencias Sociais e Humanidades; así como calquera outra dentro da rama de Humanidades, sen que transcorresen máis de 3 anos desde a terminación dos correspondentes estudos (ou máis de 5 anos en persoa con discapacidade)
- 1 Titulado/a medio Consultor/a de selección coa titulación de Grao en Relacións Laborais, Relacións Laborais e Ocupación, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Pedagogía, Dobre grao en Dereito e Relacións laborais ou equivalentes; sen que transcorresen máis de 3 anos desde a terminación dos correspondentes estudos (ou máis de 5 anos en persoa con discapacidade)
- 1 Titulado/a medio de Prospección e Formación coa titulación de Grao en Relacións Laborais, Relacións Laborais e Ocupación, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Pedagogía, Dobre grao en Dereito e Relacións laborais ou equivalentes; sen que transcorresen máis de 3 anos desde a terminación dos correspondentes estudos (ou máis de 5 anos en persoa con discapacidade)

